# Guia lecturas Nadal





Biblioteca da tartaruga. CEIP VIRXE DO CARME.

# Infantil




**OLA ADEUS**
**DELPHINE CHEDRU**
**Ed. Kalandraka**

Libro interactivo que convuda a xogar con vinte palabras e os seus antónimos. Contén un filtro azul e outro vermello que lle permite descubrir a imaxe que lle corresponde á definición da palabra que aparece na páxina contigua.




**LA ESCALERA ROJA.**
**FERNANDO PÉREZ HERNANDO**
**Ed. Kalandraka**

Relato para prelectores e primeiros lectores protagonizado por un paxaro e un coello. De texto breve y estructura acumulativa. Contribúe á aprendizaxe do vocabulario.

## COLECCIÓN TOCA- TOCA. *Engaiolarte*




Catro títulos pensados para achegar aos máis pequenos novos conceptos e que exploren coas mans texturas e contrastes que lles sorprenderán. As páxinas son d ecartón duro plastificado e con relevos e en cada unha delas introdúcese unha palabra na que recae o peso da imaxe.




**GATITO Y LAS VACACIONES.**
**Joel Franz Rosell.**
**Ed. Kalandraka**

Os amigos de Gatiño xa teñen plans para o verán. A praia, a montaña, o pobo, outra cidade parecen ser os seus destinos. Só Gatiño semella non ter claro que vai facer cando rematen as clases. Para a súa familia ir de viaxe a un lugar atractivo non é o máis importante .







**O GALO ERNESTO. O SAPOCONCHO ANDRÉS, O CORVO GUNDEMARO, CHICHO CHIRRARA.**
***MON DAPORTA.***
***BAÍA EDICIÓNS***







Neste primeiros títulos da colección, Mon Daporta preséntanos a súa particular e divertida visión das fábulas de Esopo e La Fontaine a través do galo Ernesto, do sapoconcho Andrés, do corvo Gundemaro de da chicharra Chicho.

**ONDE ESTÁ O POLIÑO DE ROSALÍA?**
***Pat Hutchins***
***Ed. Kalandraka***

Rosalía preséntanos o seu poliño, tan despistado coma ela. A súa nai buscarao por tódolos recunchos mentras asistimos ás peripecias da cría, entre situacións cómicas e arriscadas.







**EL VIAJE DE LOS PINGÜINOS**. ***Satoe Tone. Ed. SM***

Un álbum ilustrado no que se explica aos nenos/as que entre todos debemos coidar o noso planeta., que é o noso fogar.

# 1º e 2º




**ATLAS DE ANIMALES DEL MUNDO**. ***Stéphanie Ledu. Ed. SM***

En este atlas los niños y niñas encontrarán mucha información sobre animales de todos los continentes y los ecosisitemas en que viven. Este libro da una vuelta al mundo completa y muestra muchos animales que pueblan nuestro planeta.

**A LÚA DE XOÁN.** ***Carme Solé. Ed. Kalandraka***




Axudado pola súa amiga Lúa, Xoán terá que arriscarse para recuperar a saúde do seu pai. Un libro que lle dá resposta aos temores da infancia e aos desafíos da vida:soidade, tristura, enfermidade, morte...




**A ÁRBORE XENEROSA.** ***Shel Silverstein. Ed Kalandraka***

Volve un clásico que pregoa a amizade, o coidado do medio ambiente...Tenro e conmovedor, un relato do paso da infancia á idade adulta, unha historia sobre a xenerosidade e o amor sen límites dunha árbore cara a un neno.




**CANTA O CUCO.** ***Uxía Senlle e Maxín Blanco. Ed. Galaxia***

O libro CD Canta o cuco é froito dunha conxunción de estrelas como as que son Uxía Senlle e Maxín Blanco. Foi realizado na casa museo de Manuel María, autor homenaxeado nas vindeiras Letras Galegas.

**A BRUXA DISCORDIA.** ***Mamá Cabra e Carmen Gil. Ed. Galaxia.***

Discordia é unha bruxa que é feliz destruíndo a paz, facendo que todos os humanos e os animais se leven mal. E come olivas coma unha tola...Un día vai acontecer algo que cambiará o seu mundo e o mundo enteiro para sempre. Carmen Gil e Mamá Cabra únense para contar e cantar esta historia.







**ONDE VIVEN AS FADAS?** ***Iganasi Valios i Buñuel. Xerais***

Libro que achega todo un mundo de fantasía, con trasnos, sereas e pantasmas entre outros personaxes marabillosos. Pódese ler ás escuras: ao achegar un foco de luz as páxinas iluminaranse máxica e misteriosamente

**DESPUES DE LA LLUVIA.** ***Miguel Cerro. Ed. Kalandraka***

Un diluvio inunda o bosque e os seus habitantes terán que saír adiante nun refuxio improvisado. Un pequeño raposo ofrécese para buscar comida e auga pero o grupo non cre nas súas capacidades nin nas súas intencións. Esta obra, galardonada co VIII premio Internacional Compostela é unha fábula moderna sobre a superación das adversidades a adaptación ao medio e a necesidade de colaboración para a supervivencia do colectivo.



**Novas historias de Los 5 para os máis pequenos!!**
**Enyd Blyton**
**Ed. Juventud**













**COLECCIÓN "MORRIS"** ***Gabriela Keselman***
***Ed. SM***

Os libros da colección MORRIS tratan temas coma afrontar os medos coa axuda dos amigos, a importancia da amizade, a mellor maneira de superar o medo a ir ao cole...Morris é un mapache moi simpático sempre disposto a axudar a outros animais.







**COLECCIÓN PUPI**. ***María Menéndez Ponte***
***Ed. SM***

Pupi é un pequeño extraterrestre que vén do planeta Azulón. As súas ganas de investigar e coñecer mundo lévano ata a Terra. Unha vez aquí, faise amigo de Nachete, Coque, Rosi, Bego e Blanca...Cáense tan ben que Pupi decide quedarse unha tempada.

**SON UN COELLO/I AN A BUNNY.** ***Ole Rison. Lata de sal***

Edición bilingüe, galego/inglés dun libro cunhas fermosísimas ilustracións realizadas por Richard Scarry. Cada folla deste libriño é digna de emmarcar.



# INGLÉS

## 1º NIVEL




**MY NOSE**. *Ed COMBEL (INCLUYE CD)*

## 2º NIVEL

**I TOLD YOU**.
*Ed COMBEL(INCLUYE CD)*



# 3º e 4º




**ESCARLATINA, A COCIÑEIRA DEFUNTA.** ***Ledicia Costas Ed. Xerais***

Este libro, **Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil**, é unha obra extraordinaria, singular, orixinal e cargada de mensaxes que chegan ao corazón. Ecarlatina, a cociñeira defunta, é a historia dun rapaz que quere cociñar, quere experimentar e topa cunha araña afrancesada e uns personaxes a cada cal máis estrambótico. É a historia do reencontro cun ser querido, o seu avó que tanto estraña. É unha historia de solidariedade, dunha boa acción...É un libro didáctico no que se presentan unha sucesión de personaxes singulares, espazos únicos, sorpresas...

**O RATO AVÓ E O MURAÑO.** ***Oli. Xerai*s**




O rato Benxamín e o muraño Rosendo son grandes amigos, xogan a subir ás montañas, a explorar bosques misteriosos, a...os pais do muraño Rosendo teñen que traballar ata moi tarde. Por mor diso, Rosendo pasa moito tempo na casa do seu amigo Benxamín. O rato avó cóntalles historias d eratos atrevidos, donicelas torpes, musarañas intelixentes...O muraño Rosendo quere saber por que non ten avós e por que non ten quen lle conte historias como o seu amigo o rato.




**UNHA CASIÑA BRANCA.**
***Marcos Calveiro. Xerais***

O aire é case irrespirable. Hai un vertedoiro infindo. Mírese por onde se mire hai trebellos de todo tipo: mobles estragados, pneumáticos usados, colchóns vellos, bonecas mutiladas...De súpeto, dun frigorífico abandonado , xorde a cabeza dun neno cuns auriculares amarelos nas orellas. Trátase dun libro que sorprende totalmente, cun universo creativo que engancha dende a primeira páxina, que provoca a curiosidade por parte do lector/a.




**SE VENDE MAMÁ.** ***Care Santos. Ed SM***

Óscar vende mamá de 38 años. Es bastante guapa, cariñosa y de voz agradable. Le gusta ir a los parques de atracciones, conoce un montón de cuentos y casi nunca regaña. ¿Qué por qué la vende? Porque desde que nació el Garbanzo, Óscar cree que ya no le quiere igual.
Una novela que ayudará a los lectores a analizar críticamente la publicidad que desfila permanentemente ante sus ojos.




**EL MISTERIO DEL PLANETA SUMERGIDO**. ***Geronimo Stilton. Destino***

¡Una nueva aventura a bordo de la Rat Galaxy!
Geronimo encuentra por azar un enigmático mapa del tesoro. Siguiendo el camino que indica, los cosmorratones llegan a Aquarix, un extraño planeta submarino. Allí se enfrentarán a bosques de algas trituradoras, bancos de feroces pirañas y, finalmente, a una banda de ¡Cosmogatos piratas!

**DIARIO DE GREG. CARRETERA Y MANTA.***Jeff Kinney. RBA*

Disfruta de la ruta veraniega de Greg y familia en vacaciones. ¡Carcajadas aseguradas! El trayecto comienza muy prometedor, pero pronto surgen sorpresas insospechadas. Los cuartos de baño de una gasolinera, gaviotas enloquecidas, un pequeño accidente, un cerdito descontrolado...no coinciden con la idea de Greg de pasarlo bien. Pero incluso el peor viaje en coche se puede convertir en una aventura dificil de olvidar.







**BRUJA DE LAS CENIZAS.** ***Tea Stilton. Ed. Destino***

¡Una nueva aventura de las princesas del reino de la fantasía!
Una expedición cruza las Tierras de la Nada en busca de la Fuente da la Verdad. Cuando están muy cerca de la meta, aparece la cruel Bruja de las Cenizas, dispuesta a atacar a las princesas y adueñarse del gran reino.




**RESCATE EN EL REINO DE LA FANTASÍA. -NOVENO VIAJE-** ***Geronimo Stilton. Ed. Destino***

La reina Floridiana ha desaparecido y con ella tres objetos mágicos: el Libro de los Mil Encantamientos, la Bola de Cristal y la Varita Susurrante. Floridiana está en peligro, para salvarla Geronimo tendrá que ir al País de las Arañas Invisibles, al Imperio de los Dragones de Rubí, al Reino de las Serpientes Fibilantes y al país de las Mil sombras!
¿Conseguirá el Caballero Sin Mancha y Sin Miedo encontrarlos y salvar el Reino de la Fantasía?

# INGLÉS

## 3º NIVEL




**CHRISTMATS SPIDER.**

(INCLUYE CD)

*ED. COMBEL*

# 5º e 6º




## NENA E O MAR. *Érica Esmorís. Ed. Xerais*

***Premio Merlín de Literatura Infantil. 2015***

Porto Balea é unha vila mariñeira na que todos os seus anciáns habitantes perderon a esperanza. Só Otto, o último home novo da vila, segue a saír ao mar a diario mentres deixa a Nena, a súa filla e orfa de nai, ao coidado dos habitantes da vila acantilada. Mais un día Otto non regresa, tras naufragar nos dominios da Illa das Sereas. Dende entón, Nena loitará contra a desidia e o cansazo dos seus vellos habitantes e con toda a forza de vontade, o empeño e a valentía que collen no seu corpo miúdo. Emprenderá nun bote pequeño unha aventura temeraria e fantástica para rescatar ao seu pai.

## LENDO LENDAS, DIGO VERSOS.

***Antonio García Teijeiro. Antonio Reigosa***

***Xerais***

Este libro contén vinte lendas extraídas das raiceiras da nosa tradición, cada unha co seu poema. A maioría son lendas pouco coñecidas e moi variadas tanto na procedencia xeográfica como na temática tratada.







## FORMIG4S. MISIÓN BARCELONA.

***Pepe Tobaruela. Xerais.***

Os catro integrantes dos FORMIG4S, son unha brigada especial que vai ata calquera recuncho do mundo para esclarecer os casos máis enigmáticos e complicados. “Misión Barcelona” leva os FORMIG4S á capital catalá o día de S. Jordi. O caso empeza en La Pedrera, un precioso edificio modernista, co doutor Paumao poñendo en marcha un plan para conseguir que ninguén volva ler un libro nunca máis.

## O SEGREDO DA ILLA NEGRA.
***Agustín Fernández Paz***
***Ed. Xerais.***




Sara vive nunha aldea da beiramar onde a pesca é o único medio de vida. Un día os barcos comezan a vir baleiros, só hai peixes nas proximidades da Illa Negra, onde habita a cruel Serea. Uriel, o irmán de Sara, vai botar as redes nesas augas e alí cae prisioneiro da Serea. Entón Sara decide navegar ata a illa para liberar a Uriel, coa única axuda de tres buguinas máxicas.

## OS SABUXOS DIVÍRTENSE NO MUSEO PROHIBIDO.
***Jaureguizar.***
***Ed. Xerais***




Nica é unha "detectivesa" que se dedica a resolver misterios no seu barrio coa axuda dos seus amigos, os Sabuxos.Un día , Nica atopa un lugar secreto cheo de aparellos estraños e marabillosos para facer maxia. Os catro Sabuxos xogan e divírtense alí ata que descobren que quedaron atrapados dentro dun sito que ninguén coñece: o Museo Prohibido.

## O ÁLBUM DE GARRINCHA. *Beatriz Maceda*
***Ed. Galaxia***




Esta libro axúdanos a entender a través do fútbol o mundo que nos rodea e que, ás veces, preséntase hostil. Garrincha foi un futbolista brasileiro medio coxo coa columna vertebral torta. Ninguén pensou nunca que chegaría a gañar o Mundial e a ser un dos mellores futbolistas de tódolos tempos.A historia de Garrincha é a que ten sempre en mente o protagonista desta novela que, a través do fútbol, vai conseguir entender o mundo que o rodea.

## ATLAS DEL MUNDO. *Simón Munford.*

***Ed. SM***




Da una vuelta al mundo con la ayuda de este espectacular libro que contiene: un globo terrestre en tres dimensiones; globos terrestres localizadores y mapas interactivos que muestran donde está cada continenete con muchos datos sobre cada uno de ellos; páginas deslizables y mucha información sobre la vida, la gente y los lugares de los diferentes países del mundo con su bandera, población, lenguas oficiales y ciudades importantes.

## LOS FUTBOLÍSIMOS. EL MISTERIO DEL PENALTI INVISIBLE.

***Roberto Santiago. Ed. SM***




Cuando sopla el viento del norte en Sevilla la Chica puede pasar cualquier cosa: que desaparezcan los puntos de penalti del campo de fútbol justo cuando Soto Alto se juega el descenso, que nadie sepa donde está Radu, el conserje del colegio y encargado de pintarlos y que unos amigos de tus padres, los Balbuena, se instalen en tu casa y lo pongan todo patas arriba. Así que cuidado, ftbolísimos, que está soplando el viento del norte...




## LAS AVENTURAS DEL JOVEN JULES VERNES. VIAJE AL ABISMO. *Ed. Destino*

Acompaña a Jules Vernes y sus amigos en la trepidante aventura que le inspiró para escribir "Viaje al centro de la Tierra"

## RITALINDA ES RITASÁN.

***Beatriz Rojas***

***Alfaguara infantil***




Ritalinda regresa en esta nueva entrega para hacer frente a otro año escolar. Es el primer día d eclases y, además de encontrarase con su fiel amigo Samuel, Rita se encuentra una gran sorpresa: Hanako, una estudiante proveniente de Japón, es la nueva integrante del curso. Rita comienza a sentirse insegura porque Hanako está atrayendo toda la atención de Samuel. Pero un triste acontecimiento hará que Rita olvide sus celos y apoye, con su caracterñistica alegría e ingenio, a su nueva amiga extranjera.




**QUERIDO HIJO: ESTÁS DESPEDIDO**. ***Jordi Sierra i Fabra***
***Alfaguara infantil***

¿Puede una madre despedir a su hijo? Pues eso es lo que le ha ocurrido a Miguel por desordenado, por desobediente, por travieso, por su falta de interés por los estudios..Transcurrido el plazo de treinta días que le han dado e incapaz de enmendar su comportamiento, tiene que abandonar su casa. Sí, su madre le ha despedido.

**WIGETTTA Y EL BÁCULO DORADO**
**Vegetta 777 Willyrex. Ed**




Despues del último ataque secreto, los habitantes del Pueblo han recuperado su tranquilidad. Sin embargo unas misteriosas desapariciones van a alterar las cosas...

**ZOÉ EN LA TIERRA DE LAS ESTRELLAS**.
***Ana García Siñeriz/ Jordi Labanda Blanco***
***Ed. Destino***




Una nueva aventura de la banda de Zoé en...África!!

# INGLÉS

A colección ***Macmillan Children's Readers***, de Editorial Macmillan, presenta lecturas graduadas, de 1º a 6º, moi sinxelas e atractivas. Cada libro contén na primeira parte unha temática de interese para os nenos e nenas e na segunda unha pequena historia relacionada coa mesma.

***New Year' Eve*** para 4º




***Ancient Egypt*** para 5º




***Edinburgy*** para 6º



# Adultos




**A FLOR DE PIEL**. *Javier Moro. Ed. Seix Barral*

En una época de superstición y de inestabilidad política, un hombre persigue una obsesión: erradicar una temible enfermedad que amenaza a la población mundial.Enfrentándose al poder religioso, que no ve con buenos ojos el avance de la nueva ciencia, el 30 de noviembre de 1803 Francisco Xavier Balmis emprende una campaña sanitaria que lo llevará al Nuevo Mundo y al Lejano Oriente.

Basada en la famosa "Expedición Balmis" y en sus protagonistas reales, esta novela nos traslada a una época fascinante en un viaje a los confines del mundo. Una emocionante epopeya en la que Javier Moro, autor de "Pasión india " y "El sari rojo", nos muestra que en las situaciones más extremas, los sentimientos son la clave que nos impulsa a seguir adelante.

**LA CHICA DE LOS SIETE NOMBRES.**
***Hyeonseo Lee y David John. Ed. Península***




Hyeonseo consiguió lo que muy poca gente logra: huir de Corea del Norte. Su testimonio nos habla de una realidad dificil de entender, de un país cerrado a cal y canto en el que millones de personas viven ajenos al resto del mundo.

**EL MAL CAMINO**. *Mikel Santiago*




Tras convertirse en un fenómeno internacional con "La última noche en Tremore Beach, Mikel santiago se consagra definitivamente como un maestro de la intriga con esta segunda novela aún más adictiva y llena de suspense que la anterior. Santiago nos atrapa en una historia que se lee compulsivamente.




María traballa como fisioterapeuta nun centro privado de persoas maiores. Preperada para rehabilitar outros corpos cansos e mallados ella permanece soa, tamén por dentro. Xosé, profesor de Historia nun centro de Ensino Secundario, tamén só leva un tempo agardando. Interferencias é a historia de Mará e Xosé, dous seres humanos que atravesan os camiños da vida como poden, persoas illadas que se mergullan entre insospeitadas interferencias.

**A MÚSICA DOS SERES VIVOS.**
***María Reimóndez***
***Xerais***




Todo o mundo semella coñecer a MK , a cantante de moda cunha longa carreira e a súa excéntrica moza Gaia. Máis as páxinas desta novela van indagar na cara oculta da estrela, neses momentos á subida previa ao escenario, nos silencios entre nota e nota e no intre no que s epechan os micros das roldas de prensa.

**UN ANIMAL CHAMADO NÉBOA.**
***Ledicia Costas. Xerais***




Este é un libro de relatos onde a ficción se constrúe a partir de diferentes acontecementos sucedidos durante a II guerra mundial. Escrita de xeito direto e descarnado pero sen perder nunca de vista o contexto histórico, esta obra é un relato desolador e emocional do comportamento das persoas en circunstancias extremas. Un pulso crítico á condición humana.

Un animal chamado néboa é un libro de relatos onde a ficción se constrúe a partir de diferentes acontecementos sucedidos durante o conflito bélico. O cerco de Leningrado, o naufraxio do buque USS Indianapolis, os métodos de tortura da banda de criminais ao servizo do italiano Pietro Koch, a realidade das mulleres prostituídas en Mauthausen ou a terrible misión do Enola Gay forman parte dalgunhas das historias que compoñen este libro. Escrita de xeito directo e descarnado pero sen perder nunca de vista o contexto histórico, esta obra é un retrato desolador e emocional do comportamento das persoas en circunstancias extremas. Un pulso crítico á condición humana.